

SAMAÍN 2008

A FESTA DAS CABAZAS



MATERIAIS

EQUIPOS DE NORMALIZACIÓN E DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

CEIP CANOSA - RUS, de CORISTANCO
CEIP FELIPE DE CASTRO, de NOIA
CEIP GALÁN, de OSEIRO-ARTEIXO
CEIP LABARTA POSE, de BAIO-ZAS
CEIP TORRENTE BALLESTER, de SIGRÁS-CAMBRE

ORIXES DO SAMAÍN

A noite do 31 de outubro comezaba o aninovo celta, como aínda se celebra na illa de Man.

Nesta noite as ánimas dos finados voltan visitar as súas familias e as súas vellas casas para quentarensen ao carón do lume e comer dos alimentos que con agrado lles teñen preparados os parentes.


O cristianismo, adoptando o ano novo dos celtas e a súa festa á honra dos mortos, designaría o primeiro de novembro como día de Todos os Santos, e no século XII, ao día seguinte como día de Defuntos.



A LENDA DA CABAZA. CATRO TEXTOS.

Chega o outono. Tempo de castañas, nozes, vento, follas secas e días escuros. É o tempo de recoller o maínzo e as cabazas. É tamén o tempo en que a rapazada fai as caveiras na cortiza das cabazas, seguindo unha antiga tradición dos tempos dos celtas.

Os celtas foron uns antigos habitantes de Galicia. Un dos seus costumes era poñer unha luz acesa dentro das caveiras dos inimigos mortos. Xa hai moitos séculos que tal costume se perdeu, máis hoxe en día aínda fica a tradición de tallar unha caveira na cortiza dos melóns e poñer no seu interior unha candeia que escentile pola noite.




Os celtas, antigos habitantes de terras galegas, tiñan un grande respecto polos mortos. Nas súas caveiras poñían unha candeia para que, ao escentilar pola noite, puxera medo no corazón da xente. Tal cousa facíana ao chegar os tempos escuros do ano, que ao andar o tempo, foise transformando na festa dos defuntos.

Hoxe en día xa non se practican tales crenzas, máis ao longo do tempo mantívose un costume derivado destas: tallar caveiras na cortiza das cabazas e alumealas cunha candeia no seu interior.



COMO SE TALLA UNHA CABAZA?




Escolle a túa cabaza. O tamaño non importa pero procura que estea máis verde que madura. Durará máis tempo.



Coa axuda dun familiar maior corta a parte superior da cabaza e gárdaa. Servírache de tapa.



Colle unha culler e valeira o interior da cabaza. Limpaa moi ben para que quede só a tona dura do exterior.



Talla unha cara que produza moito medo. Cun coitelo ide tallando os ollos, o nariz e a boca.



Colocade agora unha candeia no interior e... a meter medo á veciñanza!



UNHA CABAZA PARA O SAMAIN

Recorta a cabaza, pícalle os ollos e a boca e pégalle papel celofán de cores nosocos. Cólga dun fío.



UNHA CABAZA PARA O SAMAIÑ _____

Recorta a cabaza, pícalle os ollos, nariz e a boca e pégalle papel celofán de cores nos ocos. Cólga dun fío.




UN MÓBIL DE CABAZAS (1 DE 2)

Colorea a cabaza, faille cun punzón os seis furados, recórtaa e átalle uns fíos dos que colgarás as cabazas máis pequenas da seguinte ficha.



UN MÓBIL DE CABAZAS (2 DE 2)

Colorea as cabazas, failles cun punzón un furadiño no gorro, recórtaas e cólgaas da caba-za grande da ficha anterior.




OUTRO MÓBIL DE CABAZAS (1 DE 2)

Colorea a cabaza, pícalle cun punzón os ollos e pégalle un papel celofán pola parte posterior, pícalle tamén os cinco furados marcados, recórtaa e cólócalle uns fíos para colgar as cabaciñas da ficha seguinte.




OUTRO MÓBIL DE CABAZAS (2 DE 2)

Colorea as cabazas, failles cun punzón un furadiño, recórtaas e cólgaas da cabaza grande da ficha anterior.




O ESTANDARTE DO SAMAIÑ (1 DE 2)

Colorea a cabaza das dúas fichas. Recórtaas e pega unha coa outra e mételle un listón polo medio. Adórnaa con cintas de cores.





O ESTANDARTE DO SAMAIÑ (2 DE 2) _____

Colorea a cabaza das dúas fichas. Recórtaas e pega unha coa outra e mételle un listón polo medio. Adórnaa con cintas de cores.





UN QUEBRACABEZAS (1 DE 2)

Recorta cada unha destas pezas do crebacabezas e móntaas.




UN QUEBRACABEZAS (2 DE 2)

Monta as pezas do quebracabezas neste recadro e colorea.








QUE É?

Une os puntos do 1 ao 21 e colorea.



SUDOKU

Enche cada casa baleira, cada liña e cada columna con cabazas, de maneira que non se repita ningunha nunha mesma fila, liña ou columna. Ademais en cada recadro rodeado por unha grosa liña negra só debe aparecer unha vez cada cabaza.



SUDOKU

Enche cada casa baleira, cada liña e cada columna con cabazas, de maneira que non se repita ningunha nunha mesma fila, liña ou columna. Ademais en cada recadro rodeado por unha grosa liña negra só debe aparecer unha vez cada cabaza.

